

ESPECIAL • Xaneiro 2026

ABAIXO A AGRESIÓN IMPERIALISTA DE EEUU CONTRA VENEZUELA!



ABAIXO A AGRESIÓN IMPERIALISTA DE EEUU CONTRA VENEZUELA!

Declaración de Esquerda Revolucionaria Internacional

Ás dúas da madrugada deste 3 de xaneiro, decenas de helicópteros e avións estadounidenses invadían o territorio de Venezuela descargando unha onda brutal de bombardeos sobre os aeroportos e instalacións defensivas venezolanas en Caracas e outras cidades. Pouco despois, Donald Trump anunciaba o apresamento do presidente venezolano Nicolás Maduro e a súa muller Cilia Flores, e o seu traslado a Nova York para ser “xulgado”. Así se consumaba unha criminal agresión imperialista non só contra unha nación soberana, tamén contra os pobos oprimidos de América Latina e do mundo enteiro.

Unha vez máis a maquinaria de morte e destrución do imperialismo ianqui púxose en marcha cun obxectivo moi preciso: impor a súa vontade a sangue e lume, enviar unha mensaxe de forza a inimigos e aliados, e establecer un réxime títere de extrema dereita en Caracas que lle permita recuperar o control das maiores reservas mundiais de petróleo e outras riquezas codiciadas polas multinacionais estadounidenses.

O discurso triunfal de Trump, como Hitler nos anos trinta

Por se alguén alberga dúbidas, o propio Trump desvelou os seus obxectivos de maneira cristalina nunha roda de prensa que pasará á historia. Arrodeado polo secretario de Estado, Marco Rubio, do ministro da Guerra e do xefe do Estado Maior Conxunto, o xeneral Dan Caine, o presidente norteamericano emulou o Hitler dos anos trinta. Non só pronunciou un discurso nacionalista e supremacista, dedicouse a amea-

zar todo o mundo afirmando que EEUU conta co maior exército do planeta e está disposto a utilizalo a discreción. Os seus acompañantes renderonlle tributo como a un Cesar invicto, axitando o espantallo do MAGA e a supremacía estadounidense. Non hai precedentes a un espectáculo así salvo na época en que os fascistas e nazis ocupaban o poder en Italia e Alemaña.

A folla de ruta que trazou o presidente estadounidense é clara: “Imos controlar Venezuela até que haxa unha transición segura, adecuada e sensata; ten que ser sensata, porque ese é o noso obxectivo”. Noutro momento do discurso, foi explícito á hora de remachar os seus obxectivos: “Estamos listos para organizar un segundo ataque moito maior, se é necesario (...) De feito, asumimos que unha segunda onda sería necesaria, mais agora probablemente non o sexa, xa que o primeiro ataque tivo tanto éxito que probablemente non teñamos que facer unha segunda, mais estamos preparados para facelo”.

Unha das partes máis substanciais da súa intervención adicouna ao control imperialista da industria petroleira de Venezuela. Citamos textualmente: “Como todos saben, o negocio petroleiro en Venezuela foi un fracaso, un fracaso total, durante moito tempo. Estaban extraendo case nada, en comparación co que poderían ter extraído e o que podería ter sucedido. As nosas grandes compañías petroleiras estadounidenses, as máis grandes do mundo, investirán miles de millóns de dólares para reparar a infraestrutura petroleira, que está en moi mal estado, e comenazar a xerar ingresos para o país”.

E, por suposto, non se esqueceu de Hugo Chávez, cuxo mausoleo foi bombardeado con saña: “Construímos a industria petrolera venezolana con talento, iniciati-

va e habilidade estadounidenses, e o réxime socialista roubouna durante esas administracións anteriores, e fixérono pola forza. Iso constituíu un dos maiores roubos da propiedade estadounidense na historia do noso país, considerado o maior roubo de propiedade da historia do noso país. Arrebatáronnos unha infraestrutura petroleira masiva como se estivésemos indefensos. E non fixemos nada ao respecto. Eu si tería feito algo. Estados Unidos nunca permitirá que potencias estranxeiras rouben á nosa xente e nos expulsen do noso propio hemisferio”.

Emulando o xefe do partido nazi nos seus famosos discursos de Berlín, Trump vanagloriouse do poder militar que dirixe: “ningunha outra nación no mundo podería lograr o que Estados Unidos conseguiu este sábado nun prazo tan curto de tempo”.

A comparecencia de Trump manda unha mensaxe inequívoca: o imperialismo estadounidense está disposto a incendiar o planeta, a utilizar a súa forza militar para demostrar que non sairá derrotado da loita interimperialista pola hexemonía. Está decidido a chegar até as últimas consecuencias para lograr os seus obxectivos.

A colaboración de sectores do exército venezolano e a actitude de China e Rusia

A falta dunha información máis completa que se coñecerá durante as próximas horas e días, unha cousa está clara: o imperialismo norteamericano e Trump lograron o apoio dun sector do alto mando do exército venezolano para o éxito dunha operación militar e de intelixencia de grande envergadura. O dispositivo de defensa da Fuerza Armada Nacional Bolivariana (FANB) non foi activado e o anel de se-

guridade disposto para protexer a Maduro colapsou estrepitosamente.

Un ataque quirúrxico desta precisión non se improvisa; contou con moitos elementos a favor. Durante os últimos catro meses o imperialismo estadounidense puido actuar con total impunidade, enchido despois de arrasar Gaza e presentar unha farsa de paz xunto a Netanyahu que legaliza o xenocidio palestino e a limpeza étnica, e que contou co respaldo de todos os gobernos. Neste período fixo e desfixo en Oriente Medio ao seu antollo, e enviou sinais moi claras de que estaba disposto a ir até o final en Venezuela. As institucións que en teoría velan pola paz postráronse ante este reaccionario, como nos anos trinta do século XX ocorreu con Hitler.

Washington comezou despregando unha frota de guerra de entre 15.000 e 25.000 efectivos militares no Mar Caribe e asasinando a máis de 100 civís indefensos venezolanos, colombianos e da veciña Trinidad y Tobago, na súa gran maioría pescadores executados extraxudicialmente. Trump declarouse amo e señor das costas e o espazo aéreo venezolano coa colaboración das grandes aerolíneas e os gobernos europeos e doutros países, que acataron obediamente as súas ordes suspendendo todos os seus voos. E a guinda produciuse hai apenas 15 días cando o presidente estadounidense se permitiu desviar un petroliero ruso e secuestrar e bloquear os chamados “petroleros sancionados”, barcos de grande tamaño que se encargan de transportar o petróleo ve-

nezolano a terceiros países con destino final ao seu principal comprador: China.

Con esta imponente demostración de forza enviou unha mensaxe moi clara á cúpula militar venezolana conseguindo o que procuraba: abrir unha fenda no seu interior e acabar co peche de filas que sostivera Maduro até agora.

Mais o que decidiu a Trump e os seus asesores para asestar este golpe decisivo é a actitude de Moscú e Beijín. Tanto o réxime de Putin como o de Xi Jinping abandonaron á súa sorte o presidente de Venezuela e o seu círculo máis próximo que, en teoría, formaban entre os seus aliados máis firmes no continente latinoamericano. Nas semanas previas a este brutal ataque, China e Rusia non fixeron apenas declaracións nin mobilizaron recursos militares para disuadir a Washington da súa agresión. Non fixeron nada visible para defender Venezuela, cando dispoñen dos medios materiais e humanos para facelo de maneira contundente.

Moscú e Beijín sabían perfectamente o que ía a ocorrer, mais calaron e non moveron un dedo, repetindo o vergoñento comportamento que tiveron ante o xenocidio en Gaza: a pesar da matanza que sufriu e sofre o pobo palestino seguen a comerciar e chegar a numerosos acordos co réxime nazisionista de Netanyahu. De aquí extráese unha lección profunda e dolorosa para a clase obreira mundial: China e Rusia non son ningunha alternativa para os oprimidos do mundo. Son potencias capitalistas e

imperialistas cunha axenda moi concreta: defender os intereses económicos e xeoes-tratéxicos da súa clase dominante por enriba de calquera outra consideración. Que non acumulen o mesmo historial criminal que EEUU non altera a súa natureza.

O grande xogo imperialista polo reparto do mundo

O cerco do imperialismo norteamericano en Venezuela avanzou paralelamente ás negociacións sobre Ucraína. Todo indica que os enviados de Trump a esas negociacións conseguiron os parabéns de Moscú para a súa ofensiva sobre Caracas. “Garantímosvos o triunfo en Ucraína, mais non movedes un dedo en Venezuela”

A isto quedaron reducidos os discursos sobre o multilateralismo e a multipolaridade con que o propio Xi Jinping e Putin se enchén a boca para tentar disimular o seu carácter imperialista e en que depositou as súas ilusións unha grande parte da esquerda gubernamental latinoamericana, europea e do mundo.

O golpe brutal que Trump descargou en Venezuela é unha resposta aplastante a esa esquerda que fai pivotar toda a súa estratexia antiimperialista ao redor do planteamento falso e reaccionario de que o inimigo do noso inimigo é o noso amigo,





A comparecencia de Trump manda unha mensaxe inequívoca: o imperialismo estadounidense está disposto a incendiar o planeta para demostrar que non sairá derrotado da loita pola hexemonía.

concedendo credenciais de “defensores da soberanía dos pobos” a Moscú e Beijing.

Como explicaba Lenin, baixo o imperialismo todas as cuestións decisivas acaban resolvéndose finalmente pola forza, mediante a guerra. Esa é a lei que rexe o reparto do botín entre os bandidos imperialistas. E iso é o que é Trump. E tanto Xi Jinping como Putin son moi conscientes de que unha resistencia sería aos plans de Trump pasaría por erguer un movemento antiimperialista de masas en toda América Latina, que podería adquirir un carácter revolucionario. Mais nin Moscú, nin Beijin queren unha revolución socialista, nin loitan por ela en ningún sitio. A revolución ameazaría directamente os beneficios e alianzas que os grandes monopolios dos seus respectivos países trazan cos gobernos capitalistas de Latinoamérica e do resto do mundo.

Parece evidente que China e Rusia decidiron antepor aos seus compromisos con Maduro e o réxime venezolano os seus intereses estratéxicos e económicos en Ucraína, África e Asia. A idea de que, aínda perdendo Venezuela, seguen mantendo posicións económicas importantes noutros países latinoamericanos, especialmente na economía máis poderosa da rexión, Brasil, abriuse paso, confiando tamén en que a medio prazo a súa superioridade económica seguirá impoñéndose e debilitando o seu rival norteamericano.

En calquera caso os acontecementos en Venezuela representan un golpe durísimo ao prestixio político de China e Rusia. Se unha superpotencia militar, aínda que no terreo económico mostrase ás claras a súa decadencia, amósase decidida a ir a por todas, pode impoñerse e obter vantaxes importantes. Trump pode obter en Venezuela a victoria política que o imperialismo estadounidense perseguía hai máis de dúas décadas, e empregará sen dúbida para fortalecer a súa estratexia de ataque. O resultado será máis violencia e guerra en todo o mundo e un pesadelo para o pobo de Venezuela.

A contrarrevolución ao servizo de Washington frótase as mans

Tras sacar a Maduro do país, o seguinte paso de Washington será moi probablemente forzar unha especie de Goberno

de Transición, sen descartar a participación de mandos militares, que propoña un calendario para convocar eleccións nuns poucos meses. Paralelamente axitarán con mobilizacións organizadas pola extrema dereita dando as grazas a EEUU pola “liberación”, fabricando unha imaxe de “benefactores” do pobo venezolano.

O monicreque venezolano de Trump, a ultradereitista María Corina Machado, bochornosa Premio Nobel da Paz e que carga sobre as súas costas con decenas de mortes por accións terroristas e golpistas, xa anunciou a súa intención de voltar a Venezuela, ser candidata e ocupar o pazo presidencial de Miraflores. Machado prometeu que Maduro responderá polos seus “atroces” crimes e que Washington “cumprirá a promesa de facer valer a lei”. “Estamos preparados para tomar o poder”, escribiu nas súas redes sociais.

Mais o presidente estadounidense tamén declarou na roda de prensa de Mar-a-Lago que aínda non contactaron á líder opositora, e sobre todo expresou dúbidas sobre a súa capacidade de liderado: “Non teñen o apoio [suficiente] dentro do país, non ten o respecto dentro do país”.

Con Maduro fóra de xogo, as primeiras declaracións doutros dirixentes como a vicepresidenta Delcy Rodríguez ou o ministro do Interior Diosdado Cabello amosan o golpe tan profundo que recibiron. Están en shock, chamando á poboación a manter a calma e a unidade nacio-

nal. Unha imaxe que transmite moi pouca confianza. Incluso o secretario de Estado Marco Rubio afirmou na roda de prensa presidencial que “mantivo unha longa conversa” coa vicepresidenta venezolana, e esta, segundo as súas palabras, “púxose a disposición da Casa Blanca”.

Probablemente, sectores decisivos do réxime e da cúpula militar están a negociar con Washington desde hai días. E a realidade é que non terán reparo algún en ofrecer os seus servizos a un réxime títere de Trump. Moitos dos actuais prohombres do Estado venezolano hai tempo que deron as costas ao legado de Hugo Chávez embarcáronse en políticas que socavaron as conquistas sociais e políticas da revolución bolivariana, arrastrando o nome do socialismo pola lama.

Asistimos a un golpe contrarrevolucionario brutal, urdido polo imperialis-

mo estadounidense con apoio nas altas instancias do Estado. E golpearon cando o apoio popular a Maduro rexistraba o seu momento máis crítico. Esta derrota non se deterá nunha simple mudanza de goberno. Trump e os seus peóns venezolanos lanzarán unha ofensiva sen cuartel para saquear os recursos petroleros de Venezuela e acabar con todo o que cheire a revolución e a esquerda. Antes ou despois haberá unha reacción das masas, mais a curto e medio prazo, os efectos desta derrota serán innegables.

Venezuela foi o punto máis avanzado da ondada revolucionaria que sacudiu América Latina durante a primeira década do século XXI. Todos os intentos de golpe, magnicidio, intervención militar contra a revolución bolivariana foron desactivadas pola mobilización das masas. Este desenlace é o resultado de anos liquidando todas esas políticas antiimperialistas e revolucionarias, reprimíndoas, perseguindo e incluso encarcerando aos activistas da esquerda anticapitalista e antiburocrática, fiándoo todo ao apoio dos imperialistas chineses e rusos, e aos pactos coa propia burguesía venezolana, incluídos os que organizaron golpes de estado, magnicidios e sabotaxes para acabar con Chávez e o proceso revolucionario.

E o efecto máis nefasto de todo iso foi desmoralizar e desmobilizar a millóns de mozos, traballadores e campesinos, que ven con raiba e indignación a criminal intervención do imperialismo estadou-

nidense, mais miran aos actuais dirixentes e non ven vontade algunha de resistir, nin determinación en rectificar con políticas ao seu favor.

Neste momento non é posible trazar unha perspectiva pechada, mais si hai unha primeira lección gravada a lume para os comunistas, a esquerda combativa, e o movemento de masas. As políticas reformistas do mal menor, de pactar con sectores da burguesía ou coas potencias imperialistas rivais de EEUU só poden levar ao desastre. O único camiño para facer fronte ao militarismo, á guerra imperialista, á barbarie capitalista e á reacción neofascista é erguer o programa da revolución socialista e do internacionalismo proletario.

Temos a obriga de sacar todas as leccións deste golpe contrarrevolucionario, de impulsar a solidariedade activa co pobo venezolano organizando mobilizacións o máis potentes posibles, de seguir denunciando a todos os cómplices de Trump e do imperialismo nesta agresión, comezando pola socialdemocracia e a súa actitude lacaia. É o momento de redobrar todos os esforzos por construír organización e conciencia socialista.

O único camiño para facer fronte ao militarismo, á guerra imperialista á barbarie capitalista e á reacción neofascista é erguer o programa da revolución socialista e do internacionalismo proletario.

Abaixo a intervención imperialista en Venezuela!

Polo internacionalismo proletario, pola revolución socialista mundial!



Que non te enganen

A mocidade non é facha

VEN DA CONTRAPORTADA

Non pretendemos infravalorar o perigo da ultradereita. As imaxes deste verán en Torre-Pacheco organizando auténticas cacerías contra a poboación inmigrante nunha unidade de acción coa policía, das bandas de matóns tipo Desokupa actuando sen trabas en barrios obreiros, o incremento da represión policial contra quen loitamos mentres protexen os fascistas... son unha advertencia de que o avance da reacción é moi serio.

Polarización social

Obviamente hai persoas mozas de dereitas, e agora séntense fortes e protexidas. Pero enfrontáanse a unha maioría moito máis ampla. O que hai é un proceso de polarización na sociedade, tanto a dereita coma a esquerda, que afecta tamén á xuventude e que funde as súas raíces na descomposición do sistema capitalista.

Ante este escenario, a democracia parlamentaria capitalista móstrase incapaz de satisfacer as necesidades básicas da inmensa maioría, máis aínda as da xuven-

tude. É esperable o desenvolvemento dun sentimento de desafección. Para milleiros, o balance do Goberno de coalición liderado polo PSOE, tanto na etapa de Podemos coma na de Sumar, resúmese nunha frase: “máis do mesmo”. Esta é a experiencia dunha grande parte de mozos e mozas cuxa experiencia política foi sempre baixo este Goberno.

As consecuencias das políticas capitalistas que defende a esquerda institucional foron sentando a base para dar credibilidade á demagogia da extrema dereita.

Estes señores resentidos que se viron ameazados ante o avance da loita feminista, estes fillos de pequenos explotadores que senten que a fortuna familiar está en risco, os nenos de papá, frustrados e enrabeados atoparon unha bandeira pola que loitar. A bandeira do *sálvese quen poida*, de esmagar o máis vulnerable, do embrutecemento e do atraso moral, a cruz e os touros. O “cuñadismo” de barra de bar exprésase tamén en *X* e *TikTok*, e é isto o que magnifican de forma consciente Prisa, Mediaset e a dereita en tromba.

“Os mozos son máis de dereitas ca nunca” titulaba *El País* o 2 de novembro unha sisuda reportaxe sobre un suposto retroceso masivo na conciencia. Por que non publican que porcentaxe da xuventude se declara antifascista e anticapitalista? Por que non preguntan se ven en Vox unha ameaza? Por que non se mencionan as mobilizacións contra a extrema dereita, en defensa dos servizos públicos, en solidariedade co pobo palestino, polos dereitos da muller traballadora... nin se dignan a entrevistar os seus protagonistas? Os resultados non valerían para sustentar a propaganda da prensa “seria”.

A xuventude é a chama da revolución!

A loita en solidariedade co pobo palestino é un movemento cun ADN antifascista incuestionable. A cabalaría pesada foi a xuventude estudantil, con dúas folgas xerais convocadas polo Sindicato de Estudantes. Tamén a mocidade plantou cara ás provocacións e agresións de grupos fascistas como en Vallecas co asalto ao



ximnasio. A Fábrica ou en Gasteiz co acto de Falange que rematou en cargas salvaxes e a Ertzaintza contra os antifascistas.

Centos de miles de estudantes volveron ás rúas nunha folga convocada polo SE o 28 de outubro contra os discursos de odio e a violencia nas aulas, identificando o *bullying* co racismo, a gordofobia, o machismo, a homofobia e a transfobia; en resumo, sinalando a extrema dereita.

Nin que dicir do carácter das mobilizacións contra o PP en Andalucía ou Valencia. Carlos Mazón non tivo outro remedio que dimitir pola enorme presión dunha loita dende abaixo que trala traxedia da DANA non cesou. Non está de máis lembrar que fronte ao abandono das institucións do Estado, a xuventude xogou un papel de primeira orde á hora de organizar un exército de voluntarios para poder saír adiante. E Moreno Bonilla enfrontase a un movemento feminista que loita por unha sanidade 100% pública e pola xustiza para as vítimas da xestión criminal do cribado no cancro de mama.

Sobredimensionar a forza social da extrema dereita é unha decisión consciente que procura desmoralizarnos ou eludir responsabilidades. A esquerda reformista sabe moito disto, centrou a súa estratexia na vía institucional, en gobernar sen confrontar cos poderosos, abandonando a organización e a loita. A experiencia dos últimos anos é cristalina: semear de decepción e a idea do *non se pode*. Tachar a millóns de baixo nivel de conciencia e xustificarse nun xiro á dereita é unha escusa para seguir apostando por xestionar farangullas e garantir a paz social.

Evitar que a extrema dereita poida ocupar novos espazos é a tarefa. Trátase de golpear a súa moral e reforzar a nosa confianza. Contrapor a saída individual, ao odio aos máis débiles e ao *sálvese quen poida*, un plan de loita que poña enriba da mesa unha saída colectiva á crise capitalista, e iso só pode facerse organizándonos e levantando un programa revolucionario consecuente que permita poñer todos os recursos e a riqueza existente a disposición de satisfacer as necesidades da maioría social, e que desmascare nos feitos a demagogia reaccionaria. Mans á obra!



IZQUIERDAREVOLUCIONARIA.NET



ÚNETE

- Coruña 686 680 720
- Compostela 637 809 184
- Ferrol 626 746 950
- Ourense 604 024 366
- Vigo 678 420 888

**ESQUERDA
REVOLUCIONARIA**

Que non te enganen **A MOCIDADE** **NON É FACHA**

Juan Díaz
Esquerda Revolucionaria
Comisión Executiva

A campaña é descarada. As pancas dos medios da dereita e moi especialmente as desa prensa que pretende engaiolarnos proclamándose a si mesma progresista, véxase *El País*, pero que responde mellor que ninguén á voz do seu dono, o capital, mobilizáronse para convencernos de que “a mocidade volveuse facha, e non hai nada que facer”.

Enquisas cociñadas para soportar a consigna, reportaxes con expertos e moita, moita propaganda. E isto, cando millóns e, en concreto, centos de miles de mozos e mozas antifascistas tomamos as rúas denunciando o xenocidio sionista e contra a extrema dereita global, dando unha resposta exemplar. Pero... que a realidade non estrague un “bo” titular.

Nada é casualidade. Trátase de sementar escepticismo e trasladar a idea de que estamos illados. Unha operación de altura que está tamén detrás da mofenta campaña do fascista Vito Quiles para entrar nas universidades públicas e machucar con que a ultradereita é hexemónica.

O show fascista de Vito Quiles, un chasco

A imaxe deste monicreque, financiada por “empresarios que apoian esta causa” porque “simpatizan co que fago”, enriba dos seus gardacostas e falando por un megáfono de xoguete é moi representativa de como lles saíu o plan. “Vito, pringado, ninguna charla has dado”, nin con seguridade privada nin coa impunidade e

colaboración da UIP. En Barcelona, Alacant, València, Iruña, Sevilla, Málaga, Madrid... un muro da mocidade antifascista impediu que a reacción e os seus discursos de odio entren.

Trátase dunha xogada política para desmoralizarnos e amedrentarnos que pon o foco na xuventude e na universidade pública, precisamente cando sofre un infrafinanciamento que pretende cernar o dereito á protesta, ao máis puro estilo trumpista. A resposta: unha impresionante folga xeral de 48 horas en novembro na universidade pública madrileña que paralizou todo e sacou decenas de miles ás rúas, de novo coa xuventude combativa á cabeza. Así é como conquistamos dereitos e pechamos o paso á extrema dereita.

→ PÁXINA 6

